A Presidencia abre a quenda para o debate.

A portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA, Dña. Ana Veira, indica que do que se trata é de fortalecer a economía do concello e por tanto, poder gastar, investir na cidadanía. Pide que se modifique a normativa municipal existente, incorporándose esta nova taxa.

Toma a palabra D. Francisco Javier Crespo Romeo. O portavoz do Grupo Municipal do PP anuncia o voto a favor da moción e recorda que este asunto xa veu a Pleno, que xa os técnicos emitiran un informe, polo que pide a este goberno que remate co traballo xa iniciado polo goberno anterior.



D. Bernardo Fernández Piñeiro di que xa se deu traslado á Interventora, así como que este asunto foi obxecto dunha moción presentada polo PSOE hai 3 anos, da que o PP votara en contra.

Intervén D. Francisco Javier Crespo Romeo, para dicir que o voto en contra do PP á moción á que se refire o Sr. Alcalde foi porque xa se tiña iniciado a tramitación.

Dende a Presidencia indícase que se falará co técnico municipal e con outros concellos.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** o seguinte **ACORDO**:

A implantación dunha taxa por aproveitamento especial de caixeiros automáticos que estean instalados en fronte directa de fachada, inxeríndoa na ordenanza fiscal reguladora das taxas por utilizacións privativas e aproveitamentos especiais do dominio público no Concello de Pontedeume.

De seguido, a Presidencia da a palabra ao portavoz do PP, D. Francisco Javier Crespo Romeo, quen indicando que se trata dunha moción xa presentada, da lectura ao texto da moción:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proceso de regularización catastral 2013-2016 ten como finalidade que se produza a incorporación ao catastro inmobiliario dos bens inmibiles urbáns e rústicos con construcións, así como das alteracións das súas características. Este procedemento iníciase de oficio, cando se produce o incumprimento da obrigaón de declarar de forma completa e correcta as circunstancias determinantes dunha alta ou modificación, e exclúe a aplicación de sancións por non declarar correctamente o ben; a cambio apróbase unha taxa de regularización catastral de 60€.

Este proceso, terá efectos no IBI xa que, o ben inmovible aumentará o seu valor catastral como consecuencia das modificacións, ou no caso de que non estivese dado de alta en Catastro, pasará a formar parte do censo e por tanto, susceptible de ser feito impoñible do imposto.

O IBI é un imposto de xestión compartida: o Ministerio de Facenda ten competencias en materia de xestión catastral e de inspección, mentres que os concellos exercen as competencias de xestión tributaria. É dicirl, a cantidade a abonar vai depender en gran medida da vontade de cada concello:

- *Os concellos poden establecer en razón de criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, a exención dos inmobles rústicos e urbanos cuxa cota líquida non supere a contía que se determine mediante ordenanza fiscal.*
- *En relación aos tipos de gravame, poden fixalos dentro dos límites que marca a lei de 0,3-0, 9 (en función das súas características..)*
- *As ordenanzas fiscais municipais poderán regular unha bonificación de ata o 90% da cota íntegra do imposto a favor dos bens inmobles urbanos, situados en áreas ou zonas do municipio que conforme á lexislación e plans urbanísticos, corresponda a asentamentos de poboación singularizados pola súa vinculación ou preeminencia de actividades primarias de carácter agrícola, gandeiro, forestal, etc...e que dispoñan dun nivel de servizos de competencia municipal, infraestruturas ou equipamentos colectivos inferiores aos existentes nas áreas ou zonas consolidadas do municipio.*
- *Ademais existe unha bonificación obrigatoria do 95% a aplicar polos concellos para os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra.*

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Neste sentido, na Sesión de 16 de Marzo de 2016, do Parlamento Galego, foi aprobado un acordo sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en relación co proceso de regulación catastral que está a desenvolver en Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto.

No Pleno do 31 de marzo de 2016, xa presentamos esta mesma moción con tempo suficiente para poder modificar as necesarias ordenanzas fiscais e ter acollida no presuposto do ano 2017.

A pesares disto e de contestar o Sr. Alcalde que o grao de cumprimento rozaba o 90% ou que se estaban a levar a cabo os trámites necesarios a unha pregunta realizada en Pleno, sobor que o grao de cumprimento das mocións presentadas polos distintos grupos; vemos que neste caso non estase a cumprir nin a facer o necesario para levala a cabo.

E, por isto, que nos vemos obrigados a volvela presentar.

Por tanto, dada esta situación do Sector Primario, tan importante na economía deste municipio propoño ao Concello de Ponte deume a aprobación dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.-Solicitar unha moratoria do Ministerio de Facenda para que este proceso non se desenrole sen ter suficientemente valoradas as peculiaridades e a idiosincrasia dos Concellos de Galicia. Que se modifique o Decreto 1020/93 no sentido de incluír un coeficiente de depreciación funcional (entre o 0,20 e o 0,80) para as adificacións destinadas a usos agrarios, extensible aunque estas estén sin uso por cese de dita actividade.

Segundo.- Trasladar ó Ministerio de Facenda e ós Concellos a necesidade de que as explotacións agrarias e gandeiras galegas teñan exencións o mais amplias posibles na súa tributación.

Terceiro.- Que establezan fórmulas de colaboración a través da FEGAMP para prestarlles o asesoramento preciso aos Concellos de Galicia que o soliciten en relación as súas competencias normativas no IBI e a repercusión que estas poidan ter no seu ámbito financeiro e de equilibrio orzamentario.

Carto.- Dirixirse ao Goberno Central a que aprobe unha exención da taxa prevista no proceso de regularización catastral 2013-2016 a futuro e que devolva as xa ingresadas nos supostos que afecten ás construcións indispensable para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.

Quinto.- Establecer o máximo permitido de bonificación do 95 da cota íntegra do IBI para todas aquelas construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.

Sexto.- Aplicar sobre as explotacións agrarias e gandeiras un coeficiente de tributación sobre o valor catastral do 0,3%. De existir un cambio na lexislación vixente o coeficiente a aplicar será o mínimo esixible"

A Presidencia abre a quenda para o debate.

O portavoz do Grupo Municipal do PP indica que se trata dunha moción que xa presentaron no seu día, e que agarda con que, esta nova presentación, chegar a tempo para solucionar a problemática.

Toma a palabra Dna. Ana Veira García quen indica que, por ser unha copia da moción presentada o 31 de marzo, xa non van "entrar" no fondo do asunto. Anuncia que, mantendo o



criterio e revisada a acta do Pleno no que se tratou a moción, votarán a favor, recordando que o asunto foi obxecto dunha proposición de lei presentada con anterioridade.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que non é certo que non se fixo nada e que se ten tramitado en parte, coa remisión aos distintos estamentos do acordo Plenario. Sobre a parte que lle correspondería facer ao concello, indica que non se teñen datos ao respecto de como afectará esta regularización catastral, que se está a facer de oficio polo Ministerio, ás arcas municipais, polo que plantexa deixar o asunto sobre a mesa ata ter a información.

Dña. Ascensión de Vicente Olarte plantexa a problemática que se podería suscitar ante a petición de devolución do pagado.

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que non se pode devolver o pagado, polo que se estaría adoptando un acordo que está fóra da legalidade.

D. Jorge Serafín Allegue Freire di que se podería modificar o acordo, no sentido de que se estude a realización da devolución.

Dende a Presidencia proponse deixar sobre a mesa a moción ata ter os datos obxectivos da influencia desta revisión no Concello e na cidadanía local, plantexando posibilidade de enviar unha comunicación para solicitar información.

[Abandona a sesión D. Jorge Serafín Allegue Freire, sendo as 14h]

Concluídas as intervencións, dende o Grupo Municipal do PP, acéptase adiar a adopción do acordo, ata que se teñan datos ao respecto de como vai influir esta revisión nas contas e nas familias do concello.

6.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 26/01/2017

*De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **902.2016** de 26 de decembro ao **20.2017** de 18 de xaneiro, ambos os dous incluídos, os seguintes:*

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2016/G003/000974	CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO 29/12/2016	902/2016	26/12/2016
2016/G003/000975	EXCEDENCIA ESTHER LEIRA	901/2016	26/12/2016
2016/G003/000977	RESOLUCIÓN LIQUIDACIÓN AUX. POLICÍA	903/2016	27/12/2016

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	LOCAL DIEGO MANUEL CASTRO DOPICO.		
2016/G003/000978	PAGO A XUSTIFICAR ENVIO BUROFAX NORMALIZADORA CONCELLO PONTEDEUME.	904/2016	27/12/2016
2016/G003/000979	AMPLIACION DE DECLARACION DE SERVICIOS PUBLICOS ESENCIAIS E PRIORITARIOS NO CONCELLO DE PONTEDEUME	910/2016	28/12/2016
2016/G003/000981	RECTIFICACION ERROS MATERIAIS DECRETO 606/2016 DE DIETAS DE SELECCION DE PERSOAL.	905/2016	28/12/2016
2016/G003/000982	CONCESIÓN PRAZA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL "CHALÉ ROSA" CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA NOVIEMBRE 2016	906/2016	28/12/2016
2016/G003/000983	GASTOS LOCOMOCIÓN MES DECEMBRO DA AUX. AXUDA NO FOGAR CARMEN SANTOS VARELA.	907/2016	28/12/2016
2016/G003/000984	LIQUIDACIÓN POR BAIXA POR XUBILACIÓN DE DNA. CARMEN SANTOS VARELA.	909/2016	28/12/2016
2016/G003/000985	APROBACIÓN MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE TRANSFERENCIA DE CREDITO PARTIDAS MESMO AREA DE GASTO	908/2016	28/12/2016
2016/G003/000827	RESOLUCIÓN ALEGACIONES A VERIFICACIÓN DESFAVORABLE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS Nº 2016/U026/000082	911/2016	30/12/2016
2016/G003/000971	APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO E A ASOCIACION CULTURAL OS FENOMENOS DO EUME ANO 2016	930/2016	30/12/2016
2016/G003/000972	APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO E A COMISIÓN DE FESTAS DE NOGUEIROSA ANO 2016	931/2016	30/12/2016
2016/G003/000976	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA, PAGO A XUSTIFICAR Nº15/2016.	915/2016	30/12/2016
2016/G003/000980	ANULACIÓN AXUDA EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA POR RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº832/2016.	919/2016	30/12/2016
2016/G003/000986	APROBACIÓN DE FACTURAS RELACIÓN DE O/2016/55	914/2016	30/12/2016
2016/G003/000987	APROBACIÓN DE FACTURAS RELACIÓN O/2016/56	918/2016	30/12/2016



2016/G003/000988	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA PAGO A XUSTIFICAR NÚMERO 16/2016.	929/2016	30/12/2016
2016/G003/000989	APROBACIÓN DE FACTURAS RELACIÓN DE O/2016/57	921/2016	30/12/2016
2016/G003/000990	APROBACIÓN DE FACTURAS RELACIÓN O/2016/58	917/2016	30/12/2016
2016/G003/000991	APROBACIÓN CERTIFICACIÓNS Nº 8, 9, 10, 11 E 12 DA OBRA -REMODELACIÓN XARDÍN PÚBLICO NA ALAMEDA DE RAXOI-.	925/2016	30/12/2016
2016/G003/000992	ANULACIÓN APROBACIÓN FACTURA	920/2016	30/12/2016
2016/G003/000993	APORBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA PAGO A XUSTIFICAR NUM.14/2016.	927/2016	30/12/2016
2016/G003/000994	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA PAGO A XUSTIFICAR NUM.10/2016.	928/2016	30/12/2016
2016/G003/000995	APROBACIÓN DE FACTURAS RELACIÓN DE O/2016/59	922/2016	30/12/2016
2016/G003/000996	CONTRATACIÓN INTERINIDADE DE FRANCISCO JAVIER PIÑEIRO CARPENTE EN SUSTITUCIÓN DE EMILIO DOPICO TENREIRO.	912/2016	30/12/2016
2016/G003/000999	CONTRATACION INTERINIDADE DE RAMIRO PIÑEIRO RODRÍGUEZ EN SUSTITUCIÓN DE JESUS PABLO MIRÓN PLACER.	913/2016	30/12/2016
2016/G003/001000	APROBACIÓN DE FACTURAS RELACIÓN DE O/2016/60	923/2016	30/12/2016
2016/G003/001001	APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO E A ASOCIACIÓN CULTURAL RIO EUME PARA O ANO 2016	916/2016	30/12/2016
2016/G003/001002	APROBACIÓN DEVOLUCIÓN AVAIS BANCARIOS	926/2016	30/12/2016
2016/G003/001003	DEVOLUCION AVAL BANCARIO DA EMPRESA GOLAN S.L	924/2016	30/12/2016
2017/G003/000001	PRÓRROGA DO ORZAMENTO PARA A ANUALIDADE DE 2017.	2/2017	02/01/2017
2017/G003/000002	DELEGACIÓN DE FUNCIONS DE ALCALDÍA NO 1º TENENTE DE ALCALDE D.PEDRO AMADO SANMARTÍN	1/2017	02/01/2017
2017/G003/000003	LIQUIDACION MES DECEMBRO 5 PEONS SERVIZOS MUNICIPAIS (SUBVENCION DA DEPUTACION PROVINCIAL, PROGRAMA DE INTEGRACION LABORAL, ANUALIDADE 2016)	4/2017	03/01/2017
2017/G003/000004	CONTRATACION INTERINIDADE DE D. ISIDRO PENA PEREZ	3/2017	03/01/2017

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2017/G003/000005	RELACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES DO CONCELLO DE PONTEDEUME NO MES DE DECEMBRO DE 2016	5/2017	03/01/2017
2017/G003/000006	APROBACION DAS BASES PARA A SELECCION DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A CATEGORIA DE AUXILIAR NO FOGAR DO CONCELLO DE PONTEDEUME, ADSCRITAS A SERVIZOS PRIORITARIOS OU ESENCIAIS MEDIANTE A CONSTITUCION DUNHA BOLSA DE EMPREGO PUBLICO TEMPORAL	7/2017	04/01/2017
2017/G003/000008	APROBACION PADRON SUMINISTRO AUGA, SANEAMENTO E DEPURACIÓN CUARTO TRIMESTRE 2016	6/2017	04/01/2017
2017/G003/000009	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	8/2017	05/01/2017
2017/G003/000010	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	9/2017	05/01/2017
2017/G003/000007	delegación alcaldía por casamento civil	10/2017	09/01/2017
2017/G003/000011	Información situación xurídica "CHALÉ ROSA"	11/2017	10/01/2017
2017/G003/000012	RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA ALEGACIÓNS SANCIONADOR TRÁFICO (LAMAS***)	12/2017	12/01/2017
2017/G003/000013	INICIO PROCEDEMENTO SANCIONADORES TRÁFICO (PARAMO***-ALLEGUE***)	14/2017	12/01/2017
2017/G003/000014	COMPARECENCIA E PERSOAMENTO EN AUTOS E REPRESENTACION DO CONCELLO NO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO P.O. 4489/2016 CONTRA A ORDE DE 27 DE MAIO DE 2016 POLA QUE SE APROBA O PXOM DO CONCELLO DE PONTEDEUME	13/2017	12/01/2017
2017/G003/000015	EXPEDIENTE DE RECURSO DE APELACIÓN 0004304/2016-E ANTE O TSX DE ACCIONES INMOBILIARIAS CONJUNTAS SA CONTRA O CONCELLO DE PONTEDEUME. REPRESENTACIÓN MUNICIPAL PARA DAR CURSO AO EMPRAZAMENTO E CONSTITUCIÓN EN PARTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME NO PROCEDEMENTO.	16/2017	12/01/2017
2017/G003/000018	ADXUDICACIÓN CONTRATO DE SERVIZOS	15/2017	12/01/2017



	"ATENCIÓN OFICINA DE TURISMO E CASTELO DE ANDRADE DE PONTEDEUME 2017"		
2017/G003/000019	PRORROGA NOMEAMENTO EN COMISIÓN DE SERVICIOS PARA O POSTO DE POLICIA LOCAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME	17/2017	13/01/2017
2017/G003/000020	RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS E COMPLEMENTO AO DECRETO 16/2017 DE COMPARECENCIA, CONSTITUCIÓN EN PARTE E REPRESENTACIÓN DO CONCELLO DE PONTEDEUME NO RECURSO DE CASACIÓN INTERPOSTO POLA MERCANTIL ACCIONES INMOBILIARIAS CONJUNTAS (PO 372/2014)	18/2017	17/01/2017
2017/G003/000021	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO DE 23/01/2017	19/2017	18/01/2017
2017/G003/000022	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA DE 23/01/2017	20/2017	18/01/2017

Asinado dixitalmente, na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro."

Os membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

A portavoz do Grupo Municipal do PP plantexa os seguintes **ROGOS:**

1.- Rogamos reordenen la salida de los vehículos en el encuentro de la Alameda de Raxoy con la Avda. de La Coruña: el pintado vial para guiar a los conductores tanto para incorporarse a la carretera nacional, como los que entran hacia la Avda. es complicado y se puede mejorar para evitar accidentes.

2.- Solicitamos una vez más la colocación de gomas en los registros de la Calle Empedrado, les recomendamos las cuanto antes los vecinos están enfadados.
Dende a Presidencia apúntase que xa se teñen instalado e que alguén os debeu quitar.

3.- La reparación iniciada en O Grove está sin rematar hace meses, rogamos no dejen abandonadas las obras comenzadas. También la limpieza del camino desde o Grove hacia a Regueira.
D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que esa actuación compete á Deputación.

4.- Rogamos coloquen los vados de portal del CEIP de Andrade.

5.- Vecinos de Boebre solicitan se coloquen contenedores de vidrio, cartón y plástico en el cruce que hay después de la escuela de Boebre dirección Miño (a la izquierda) donde hay varios de la recogida de basura.

6.- Pedimos ya varias veces la reparación de farolas fundidas que a día de hoy siguen igual, los vecinos nos llaman para reclamarlas, rogamos repasen los ruegos.
Dende a Presidencia indícase que o procedemento é que se lle da aviso á empresa e que esta actúa.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

7.- Vecinos de Boebre solicitan se coloquen contenedores de vidrio, cartón y plástico en el cruce que hay después de la escuela de Boebre dirección Miño (a la izquierda) donde hay varios de la recogida de basura.

8.- A solicitud de los vecinos de la zona rogamos poden los árboles de la Plaza de San Roque este año.

9.- Rogamos limpien la Avda. de Castelao, la hierba invade las aceras.

10.- Varios espejos en diferentes cruces están torcidos y muchos rotos, rogamos reparen estos espejos que son de gran ayuda para los conductores.

11.- Rogamos alomeren el túnel de Villar, ya van varios ruegos y puede que se produzca algún accidente debido al mal estado del firme. Su iluminación también necesita revisarse.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que xa se ten pedido orzamento.

12.- El río Covés sigue sin limpiar, las lluvias no aparecieron todavía, pero si no se limpia ahora, probablemente cuando llueva fuerte, se inunde la zona, después no vale con colocar unos sacos tarde, mal y arrastro.

13.- Rogamos controlen los proyectores de luz encendidos a altas horas de la noche durante varios días de la pista del Parque Sarmiento, hablar de ahorro por un lado y tener esas y otras encendidas sin control no dice mucho de lo que es un ahorro energético.

14.- Rogamos aceleren las ayudas de los libros que vamos hacia carnavales y sería un tema interesante para las comparsas

E as seguintes **PREGUNTAS**:

1.- ¿Cuánto se ingresó por la venta del libro de las bolechas?

Dna. Yolanda Vázquez Busto indica que se teñen ingresado 3060 euros por 255 unidades, dende finais de agosto.

2.- ¿Cuántas visitas tuvo el torreón desde que está abierto los fines de semana?

A Sra. Vázquez Busto di que o total de visitas anual foi de 7616, 6999 e, a maiores, as dos fins de semana, festivos e pontes foron 617.

3.- ¿Sabemos que hay una nueva empresa atendiendo las visitas en el Torreón, ¿Qué tipo de contrato tiene?, ¿Qué duración? ¿A cuánto asciende el importe del contrato?

Dna. Yolanda Vázquez Busto di que o nome da empresa é "Máis Galicia SL", o importe da contratación é de 17399,25 euros máis iva; a atención sería para a oficina do Torreón máis o Castelo de Andrade. Indica que hai un incremento 115 horas e 1486 euros no orzamento. Contrato menor. A maiores houbo melloras: máis horas e en semana santa, un proxecto piloto para a realización de visitas guiadas polo casco.

4.- Estos días hemos visto a un empleado municipal (Guillermo Filgueiras) trabajando en la recogida de basura y como jardinero. ¿En qué categoría de puesto está? ¿Tiene autorización él u otros empleados para trabajos fuera de su categoría y puesto laboral?



D. José Simoes Couceiro di que o traballador pertence a vías e obras e que esa é a súa categoría.

D. Francisco Javier Crespo Romeo pregunta se ten autorización para ir no camiión.

O Sr. Simoes Couceiro di que foi puntualmente un día, por unha baixa dun traballador. Di que un acordo verbal non incumpre ningunha lei nin ningún acordo colectivo.

Dende a Presidencia apúntase que non se obriga a ninguén, di que non se está a facer nada que non se fixera en mandatos anteriores e considera de mal gusto falar nun Pleno dun traballador, poñendo nomes e apelidos.

5.- Estos días vimos cómo se instalaban unas estufas en el pabellón polideportivo A Casqueira; ¿Qué características de emisión de calor y consumo tienen?

Dña. Raquel Caruncho Corral di que se trata dun canon de calor, e da os seguintes datos: 69kw de poder calorífico; autonomía: 60litros de gasoil, con duración a pleno rendemento de 10 horas. Indica que a función deste canon é tratar de non recurrir, como se estaba a facer, ao aluguer de canóns, xa que teñen un custe de 460€; Indica que non é un sistema de calor, se non un mecanismo para mitigar os problemas de condensación na infraestrutura deportiva.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se fixo un estudo á hora de tomar esta medida e que, en principio, vaise mitigar a problemática indicada.

6.- La pista Sarmiento está destrozada; la decisión del actual gobierno de permitir a la comisión de fiestas poner atracciones dentro de la pista y de colocar atornillada la carpa en el último concierto autorizado, también por ustedes, deja unos destrozos evidentes: la pavimentación, la pintura de goma, la tela metálica, los tubos del cerramiento, etc. Todo esto fue reparado con gran esfuerzo y ahora está destrozado en pocos meses y en un estado de abandono, ¿va a reclamar a ambas entidades el aval? O si no lo hay, ¿el seguro de ambas entidades cubre su reparación?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que, da pregunta, o único que é verdade é que se atornillou e que a empresa que realizou os traballos vai amañar o que conlevou a acción. De seguido, da lectura ao contido do informe do técnico solicitado como consecuencia da pregunta, do que se desprende que xa había grietas con anterioridade, así como outros desperfectos. Contradí a afirmación sobre o estado de abandono, xa que se teñen realizado actuacións: limpouse pista, actuouse no local de ensaio...; que se reparou a reixa e se puxo unha porta para que podan entrar os vehículos de urxencia..., que a reixa que se quitou para que entrara un camiión xa está repostada e que se reparará o que quede en tanto se poida.

Dña. Ascensión de Vicente Olarte pide a palabra e indica que cando o concello asumiu a organización das festas, pedira un informe para ver se se podía meter dentro da pista polideportiva e os técnicos dixeron que non.

7.- Hace más de año y medio anunció a bombo y platillo las patrullas de la Policía Local por las calles de Pontedeume, no los vemos patrullar, podría aclarar esta situación?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se están a facer.

8.- En el pleno pasado usted, entre otras explicaciones sobre los presupuestos de este año 2017, dijo que por fin la Policía Local tendría un armero, que ya era hora que lo tuvieran después de tantos años; hablamos con ellos, y nos responden que ya hace años que tienen un armero y por cierto mejor que el que ustedes pretenden comprar; según manifiestan lo que solicitaron es que se refuerce la puerta y ventanas de la jefatura y no el armero, ¿va a intentar comprender mejor las necesidades del cuerpo de seguridad local? ¿Rectificará su declaración a la que tanta improtancia dió?

D. José Simoes Couceiro contesta que o armero non está mercado, que está orzamentado. Compara o que hai na actualidade cunha "taquilla" duns grandes almacéns. De seguido prodúcese un debate sobre as necesidades do servizo.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

9.- Nos gustaría saber si desde el inicio de su mandato hasta el día de hoy cobro Ud. alguna cantidad del Concello en concepto de dieta, desplazamiento o cantidad alguna fuera de su sueldo como Alcalde.

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que xa contestou noutra ocasión a esa pregunta. Di que en ano e medio, e durante os primeiros quince días de mandato, cobrou unha dieta de viaxe a Portos de Galicia se ben, ao día seguinte, dixo que non ía pasar ningunha dieta máis, do que deu conta ao departamento de intervención.

De seguido, prodúcese un debate ao respecto das dietas que se cobraron no mandato anterior e sobre os ingresos do Alcalde e das concelleiras con dedicación, como consecuencia das afirmacións do PP.

D. Bernardo Fernández Piñeiro pregunta ao portavoz do PP se mantén que el cobra 3000 euros da Deputación, e pide que conste en acta.

Logo dun intercambio de opinións, e pedindo orde, o Sr. Alcalde di que o seu salario, tanto no Concello coma na Deputación é público e que non se corresponden, nin os seus ingresos, nin os das concelleiras, co que se di dende o PP no seu boletín.

D. Francisco Javier Crespo Romeo recorda que dende o PSOE tamén se falaba dos salarios dos membros do goberno anterior, ao que D. Bernardo contesta dicindo que en ningún momento se falou de cantidades mensuais.

10.- ¿Para cuándo comenzará la guardería infantil? ¿Existe algún problema con los colindantes?

Dende a Presidencia apunta que é o "Consortio" quen licita, como xa se dixo. Indica que hai dúas reclamacións polas que se solicitou a paralización da obra, por considerar que teñen dereitos adquiridos, se ben foi desestimado o obxecto da reclamación en función do que se indicou dende a arquitecta e do técnico de administración xeral.

11.- Observamos en los decretos que el Plan General Urbano tiene varios recursos presentados, ¿Puede explicarnos cuáles son?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que hai seis, mais que dous son polo mesmo motivo. Están interpostos ante a Xunta sendo o Concello, neste caso, codemandado. Remite a consulta dos datos ao decreto no que se recollen, xa que non se poden dar públicamente no Pleno.

12.- Hay una marquesina para Boebre, que se incluye en un decreto para su pago, ¿Dónde va instalada?, entendemos que será para la carretera provincial a su paso por la parroquia, ¿tiene los permisos y condiciones de colaboración? ¿el precio es con la instalación?

Dende a Presidencia indicase que se teñen solicitado os permisos; que o custe é de 5401,45 euros, que se corresponde co prezo de mercado; que a instalación é a parte e que esta se vai realizar por persoal municipal para poder así axustar o custo das actuacións a 15000 euros.

Concluídas as preguntas do Grupo Municipal do Partido Popular, a portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA, plantexa os seguintes **ROGOS**:

1.-Fonte da rúa Gumersindo Placer

Aparentemente está atascada.

Pregamos limpeza da mesma.

2.-Mesas, cadeiras, caixas de bebidas.....

En distintos puntos da vila atópanse este tipo de materias ao carón de locais comerciais.

Rogamos control destas circunstancias.



3.-Pasos de peóns.

Xa foi un rogo do mes de maio do 2016. En diferentes pasos de peóns a visibilidade destes é moi deficiente, co perigo que isto supón.

Solicitamos iluminación destes pasos.

4.-Praza do pan.

A situación de deterioro do chan desta praza está sendo preocupante.

Pregamos arranxo do mesmo coa maior brevidade.

Dende a Presidencia indícase que a actuación requirida ronda os dous centos mil euros.

Dña. Ana Veira pide que se adopte algunha medida.

5.-Normalización Lingüística.

Ante a falta de persoal e tendo en conta que o concello debe promover actuacións neste eido.

Rogamos que esta praza se cubra.

6.-Necesidade dun capataz

Non negamos a necesidade de potenciar as oficinas, mais vemos importante a contratación dun capataz. O alcalde leva unhas parcelas con moita dedicación e necesidade de presenza que resta as propias funcións como tal.

Rogamos que o goberno dea prioridade a cubrir o posto de capataz.

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que tan pronto como se poida convocarase a praza.

7.-Ocio para a mocidade.

Tendo en conta a importancia do lecer educativo na formación dos nosos mozos/as.

Solicitamos un incremento desta oferta.

8.-Subvención ao xantar de maiores. Xa foi rogo o 16 de decembro de 2015

Escoitamos con demasiada frecuencia "*non hai liquidez*" ou "*non hai cartos*" e seguimos cunha tradición, iso si de mandatos anteriores, de xantares de maiores en diversas épocas do ano. Non ten moito sentido nas circunstancias actuais, anacrónicas, económicas e electorais, este tipo de celebracións.

Solicitamos do goberno a eliminación destes actos que non son con fins solidarios.

E as seguintes **PREGUNTAS**:

1.- AXUDAS ESCOLARES 2016/17

Iniciado xa o ano 2017 tendo en conta que se esgrimiron motivos técnicos para non convocar as axudas escolares do curso 2016/17.

Cal é o calendario previsto para estas axudas?

Dña. Raquel Caruncho Corral di que a intención do goberno é que se aproben no Pleno de febreiro as correspondentes ao curso 2016-2017, e as seguintes no mes de xullo.

2.-ALUMEADO NA PISTA DE TENIS

Nestes momentos nos que é fundamental poñer en funcionamento políticas de aforro enerxético, tanto por motivos económicos coma ecolóxicos.

Cal é o horario de iluminación da pista de tenis?

A Sra. Caruncho Corral indica que o alumeado está programado para entre as 18 e as 22h, e que agora teñen avisado para que se programe o encendido para as 19h.

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que se están as luces acesas despois das 22h é que está mal o relox.

Dña. Ana Veira pide que se revise, xa que funciona ata as 24h.

3.-A FONTE DO PILÓN

Xa no mes de marzo de 2016 púñamos en coñecemento a situación desta fonte. Solicitamos, por escrito e en pleno, un arranxo das filtracións...

Cal é o motivo para que isto non se realizase?

Que teñen previsto?

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Sr. Presidente di que o elemento está catalogado, que se ten contactado con "Patrimonio" e que realizada a visita indicaron que hai que facer un proxecto, que recomendaron un especialista en arqueoloxía/patrimonio, o cal xa está encargado.

Tras da pregunta de Dna. Ascensión de Vicente Olarte, D. Bernardo Fernández Piñeiro di que o proxecto está sendo redactado por Alejandra Quintans.

4.- AXUDAS DA DIPUTACIÓN PARA PROGRAMAS DE NORMALIZACIÓN

A Deputación da Coruña convocou axudas para proxectos de normalización lingüística para este ano 2017.

Pediuse algún para este concello?

D. José Simoes Couceiro indica que se pediu a subvención, para o persoal técnico.

6.-CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL

Iniciamos o segundo trimestre deste curso escolar e o CEM non foi convocado.

Se, realmente, cren na participación.

Por que non se convocou o CEM?

Vaise convocar?

Dna. Raquel Caruncho Corral excusase pola non convocatoria, se ben anuncia que se vai convocar neste segundo trimestre.

7.-PROMOVER A PLANTACIÓN DE CERDEIRAS.

No programa electoral do PSOE a acción 57 dicía que se promocionaría a plantación de cerdeiras na parroquia de Ombre.

Estamos nun momento do ano no que esta actividade pódese realizar.

Será este o ano do cumprimento desta acción?

Dende a Presidencia di que se levará a cabo dentro deste mandato; que nesta época non vai poder ser.

8.-Páxina Web

Despois de múltiples preguntas e rogos, agardamos cumprimento destes.

Hai proxecto?

Cando se va facer?

Dna. Yolanda Vázquez Busto di que non está o proxecto rematado, que se están a realizar consultas e á espera de resolver cuestións técnicas (portal de transparencia, rexistro de facturas...) en base ao que o Concello elaborará unha proposta.

9.- Consello Municipal da Muller e de Saúde.

Existen regulamentos municipais destes Consellos.este goberno municipal promete participación da cidadanía mais estes órganos de participación están paralizados.

Por que non funcionan?

Pensan poñelos en funcionamento?

Cando?

Dna. Raquel Caruncho Corral indica que a idea do goberno é poñelos en funcionamento, ao longo deste ano.

10.-ALAMEDA.

É notoria a elevación dos terreos da alameda que fan que diferentes árbores teñan soterrados os seu troncos e que o palco perda a súa altura.

Esta situación está axustada ao proxecto?

Hai informe técnico de que isto non vai afectar negativamente ás árbores?

D. Bernardo Fernández Piñeiro confirma que está axustada a proxecto. Que feitas as consultas aos técnicos, todos coinciden en que están enfermos polas podas realizadas.



11.- FALTA DE TESOUREIRO/A.

Ante as novas aparecidas en diferentes medios de comunicación coa problemática de diversos concellos que non contan co habilitado/a nacional.

Cal é a situación neste concello?

Que vai facer este goberno municipal?

D. José Simoes Couceiro di que a situación deste concello é igual que a deses concellos.

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que non se quitou a praza porque se estaba á espera de que a situación puidese cambiar (eleccións, posicionamento dos colexios profesionais...), ante o custo que suporía para o concello asumir un posto de persoal habilitado nacional. Di que, feitas unha serie de consultas, non tendo resposta dende a Dirección Xeral de Administración Local, que non sería posible a asunción da Tesourería de todos os concellos nesta situación por parte da Deputación provincial..., tomouse a decisión de continuar co Tesoureiro Accidental mediante un escrito do Alcalde.

Dna. Ana Veira pregunta que supón o anterior.

Dende a Presidencia contestase que a responsabilidade é do Alcalde, e xustifica a decisión na necesidade de pagamento tanto de facturas coma de salarios do persoal.

D. José Simoes Couceiro indica que a idea é agrupar o posto de Tesoureiro co concello de Miño, da mesma categoría e que se ten ofrecido.

REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as quince horas e vinte e cinco minutos do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.